

Celga



2

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C2-B-II-21

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación lea vostede o seguinte artigo sobre a volta ao rural. Tome as notas que precise

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

Non hai por que pasar frío!

Antes, moi poucas casas tiñan calefacción e había que conformarse coa cociña de leña ou coa estufa de gas; ademais, a roupa tampouco era tan abrigosa e a xente pasaba frío. Hoxe, podemos mercar pezas térmicas e calzado tan impermeable que non hai friaxe que se meta no corpo. Por outra banda, as vivendas constrúense con moitas máis comodidades e, como non, con calefacción. Pero ter o fogar quentiño no inverno resulta caro.

A continuación, imos ver algúns consellos para protexernos do frío e non gastar de máis.

Calefacción

Non toda a xente pode aforrar baixando a temperatura, sobre todo se a calefacción é comunitaria. Para quen teña calefacción individual, hai unha serie de consellos útiles:

- **Manter a casa a 20 °C.** É a temperatura recomendada para manter comfortable a vivenda durante o día e non malgastar diñeiro. Por cada grao de máis, o gasto en calefacción aumenta nun 7 %.
- **Colocar reguladores de temperatura.** Se a casa está baleira durante moitas horas, convén colocar este tipo de aparellos, que se poden deixar programados.
- **Non cubrir os radiadores.** Ás veces, tapámoslos ou usámoslos para secar a roupa.

Illar a vivenda

A través das ventás pérdese moita calor, por iso é importante colocar cristais ou fiestras dobres. Non obstante, hai outras formas de evitar que a calor escape:

- **Pechar as persianas cando empeza a anoitecer.** Desta forma, a calor permanece máis tempo na vivenda. Tamén podemos correr as cortinas pola noite.

- **Ventilar durante o tempo adecuado.** Dez minutos é tempo máis que suficiente para airear e convén non facelo a primeira hora porque vai máis frío.
- **Tapar os ocos.** É conveniente tapalos para que non entre o frío.
- **Aproveitar a calor doutros cuartos.** Se nunha parte da casa a temperatura é moi alta, pódese deixar saír a calor cara a outras zonas.

Outras solucións

- **Colocar alfombras.** Axudan a conservar a calor na vivenda, manteñen os pés quentes e o frío do piso non pasa ao corpo.
- **Tomar comidas e bebidas quentes.** As sopas e as comidas e bebidas quentes son boas contra o frío e, no inverno, é cando máis apetecen.
- **Utilizar roupa de abrigo.** Levar pantuflas de inverno, calcetíns e xerseis gordos é unha das formas máis baratas de aforrar. Na cama, pódense usar sabas de flanela, ademais dunha manta ou edredóns e pixamas abrigosos.
- **Usar bolsas de auga quente.** Se a cama está fría, o mellor é unha bolsa de auga quente. É unha solución que se utilizou con éxito durante décadas.

Texto adaptado da revista *Consumer*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? ■ Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Como podemos aforrar na calefacción? ■ Como evitamos perder calor na casa? ■ Que outras solucións hai para combater o frío? 	
3. RELATO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un relato. Se non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.</p>	

- A.** Conte como era a casa na que vivía de pequeno e explique que sistema se usaba para quentar a vivenda.
- B.** Relate unha anécdota que lle pasase a vostede ou a alguén coñecido por intentar aforrar nos gastos da casa.
- C.** Conte como era a vestimenta (roupa, calzado, complementos) que levaba na súa infancia cando ía mal tempo.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora:

Apartir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

- Que diferenzas hai entre as casas actuais e as de antes? Cre que é importante a orientación da casa para tela quente? E os materiais de construción para conservar a calor?
- Que sistema de calefacción ten ou cal lle gustaría ter? Considera que podería aforrar? Como?
- Que sistema de calefacción cre que é máis económico? E máis ecolóxico? Por que?
- Que lle recomendaría a alguén que vai instalar a calefacción?
- Ademais da calefacción, que outras opcións coñece para manter a calor? Que vantaxes ten para vostede cada unha delas?

(Se procede)

- Compare os hábitos á hora de quentar as casas en Galicia con respecto ao seu lugar de orixe.

OPCIÓN B

- Que sistemas coñece para evitar perder calor na casa? Que vantaxes e inconvenientes ten para vostede cada un deles?
- Parécelle que a xente pon en práctica os consellos que acaba de ler? Por que? E vostede segue algún deles?
- Cal das recomendacións que aparecen no texto lle parece máis útil? Por que?
- Cre que con estes consellos se aforra moito ou que non compensa? Por que?
- Que trucos coñece para aforrar noutros gastos do fogar (luz, auga, teléfono)?

(Se procede)

- Compare a maneira de aforrar nos gastos da casa en Galicia con respecto ao seu lugar de orixe.

OPCIÓN C

- Normalmente que roupa leva para andar pola casa no inverno? Por que? Cal lle resulta máis quentiña?
- Que tipo de roupa de cama usa no inverno (flanella, mantas, edredóns...)? Cal lle resulta máis quente? E máis práctica?
- Que roupa usa para abrigarse os días de inverno? Cre que é mellor a roupa de agora ou a de antes para combater o frío? Cal é a súa peza de abrigo preferida?
- Que tipo de chan ten a súa vivenda? Usa alfombras para illar o frío do chan? Utiliza calcetíns ou pantuflas de la? E bolsas de auga quente?
- Que comidas quentes lle gustan? Por que? E bebidas quentes? Cal é a súa preferida?

(Se procede)

- Compare os hábitos á hora de abrigarse en Galicia con respecto ao seu lugar de orixe.

